



## COMUNICACIÓN PREVIA POR MODIFICACIÓN DE ACTIVIDADE

Interesado			
NIF/CIF		Nome e apelidos	
Enderezo para os efectos de notificacións			
Municipio	CP	Provincia	Teléfono
Correo electrónico			
Representante			
NIF/CIF		Nome e apelidos	
DATOS DA LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA ANTERIOR			
Nº de expediente		Data de outorgamento ou comunicación	
Actividade autorizada ou comunicada (indicar actividade e denominación comercial)			
Situación do local		Referencia catastral	

### Expón

Que de conformidade coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e o resto da normativa aplicable, veño a efectuar COMUNICACIÓN PREVIA pola que poño en coñecemento do Concello de Carballo que vou exercer a actividade consistente en ..... no local citado anteriormente e con denominación comercial .....

(1) Así mesmo efectúo COMUNICACIÓN PREVIA pola que declaro que as obras que vou a executar no local citado son as seguintes:<sup>1</sup>

- Obras a realizar:

.....  
.....

-Prazo de execución das obras:....., que dará comezo .....

-Presuposto de execución material: .....

**Comunica** que iniciará a actividade a partires do día ..... (no caso de non indicar data entenderase a partires do mesmo día da presentación da instancia).

<sup>1</sup> (art. 196.2 Ley 9/2002 LOUGA) A cumprimentar no caso de que, de conformidade co artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non sexa necesaria licenza previa para a realización das obras.

## Documentación presentada

- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- Declaración asinada por técnico competente de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o local e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- Autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- Reportaxe fotográfica
- Xustificante do pago de tributos correspondentes que establezan as ordenanzas fiscais
- No caso de non realizar obras, xustificante de estar dado de alta na Administración de Facenda no epígrafe ou epígrafes correspondentes ás actividades ou servizos obxecto de declaración.
- Escritura da sociedade, poder ou documentación acreditativa da representación, cando proceda.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (título de propiedade ou contrato de arrendamento)
- Presuposto detallado das obras a realizar, cando proceda.

Carballo, .... de.....de 20

Asinado \_\_\_\_\_

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no artigo 26 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*, “a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Asemade, a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo 1 comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses e un ano.”

ADVIRTESELLE que consonte co disposto no artigo 24.2 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*, se para o desenvolvemento desta actividade que se comunica fora preciso a realización de obras, ó remate das mesmas deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Carballo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Estarán sometidas ao trámite de COMUNICACIÓN PREVIA POR MODIFICACIÓN DE ACTIVIDADE, as seguintes actividades:

- As actividades de comercio polo miúdo cando se inicien en locais que con anterioridade tivesen unha actividade similar do mesmo ramo ou sector de comercio, e non se realicen, nin se teñan realizado, modificacións nas obras de acondicionamento ou instalacións existentes que consten autorizadas ou declaradas no expediente municipal correspondente.

- A actividade de despachos profesionais ou oficinas administrativas, cando dito local conste autorizado para dito uso e instalacións, mediante licenza ou comunicación previa anterior.

O local ou instalación en cuestión deberá corresponderse e axustarse en canto ao seu acondicionamento, instalacións e distribución ao que obtivo licenza de primeira ocupación, apertura inicial, ou comunicación anterior, e cumprir a instalación con tódalas medidas correctoras esixidas nos títulos xurídicos habilitantes de obras e de actividade e, se é o caso, con outras medidas que imponha a normativa posterior aplicable. O novo titular que exerza a actividade será o responsable das condicións que presente o local onde realice a actividade e de axustalo á normativa aplicable, sen prexuízo das responsabilidades que puidera incurrir o anterior titular.

### Información básica sobre protección de datos

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección en PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); lopd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE CARBALLO é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lopd@carballo.gal. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquier momento. Para elo, CONCELLO DE CARBALLO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoo por correo electrónico: lopd@carballo.gal.